



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL PARA AS OBRAS DE RESTAURACIÓN DA IGREXA CONCATEDRAL DE SAN XIAO E DA IGREXA DE NOSA SRA. DAS DORES EN FERROL.

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou o pasado día 10/08/2023 coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Diocese de Mondoñedo – Ferrol, para a restauración da Igrexa Concatedral de San Xiao e da Igrexa de Nosa Señora das Dores en Ferrol.

O inmovible denominado Concatedral de san Xiao está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio da Magdalena aprobado definitivamente o 27.09.2007 (BOP núm. 258 do 08.11.2007) unidade 1948701, edificio histórico artístico e incorpora unha ficha cunha catalogación unitaria de especial significación arquitectónica; conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC).

O paso do tempo, o envellecemento natural dos materiais, as inclemencias meteorolóxicas, a polución, as vibracións producidas por tráfico e obras próximas, son a causa da maior parte das patoloxías que se presentan en toda a fachada e con maior incidencia na torre esquerda (na torre dereita aparece a mesma casuística dunha maneira menos acusada).

A igrexa de Nosa Señora das Dores de Ferrol, ten a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo do Plan Especial de Protección e Rehabilitación do Barrio da Magdalena aprobado definitivamente o 27.09.2007 (B.O.P nº258 do 08 de novembro de 2007, unidade 1849110, edificio de especial significación arquitectónica); conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC). O barrio Barrio da Magdalena está declarado ben de interese cultural coa categoría de conxunto histórico polo Decreto 28 de 09.09.1984 (DOG. do 22 de marzo de 1984). O inmovible e a súa contorna inmediata tamén se atopa no ámbito de protección do Camiño Inglés a Santiago, ben catalogado segundo a LPC e cuxa delimitación foi aprobada polo Decreto



110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

Aínda que en 2021 a DXPC realizou unha obra de actuacións prioritarias para dotar de seguridade e estanquidade ao templo, a día de hoxe o edificio continúa pechado. Para que poida ser utilizado de novo, cómpre realizar unha adecuación do espazo interior así como do volume da sancristía, aínda en condicións precarias que cómpre restaurar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxual que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

